



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

Agosto 2017

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: [http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?](http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp)
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Agosto 2017

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumentou en Galicia un 2,5% en agosto de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 0,8 puntos máis que en España (1,7%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un descenso nas vendas do 1,2% mentres que no Resto de produtos aumentan o 4,4%.
- Todas as comunidades autónomas incrementan as súas vendas minoristas agás Extremadura. Galicia ocupa a quinta posición entre as comunidades con maior crecemento.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 4,7% no mes de agosto de 2017 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,0 puntos máis que en España (3,7%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 1,9% en Galicia e o 1,7% no conxunto do Estado.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a ocupación no mes de agosto. Galicia ocupa a sétima posición entre as comunidades con maior crecemento.

Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Agosto 2017

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	98,7	2,5	2,5
Xeral sen estacións de servizo	95,4	1,6	2,2
Alimentación	97,5	-1,2	0,2
Resto	93,8	4,4	3,9

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	2,5	2,5
Xeral sen estacións de servizo	1,6	2,2
Alimentación	-0,3	0,1
Resto	2,0	2,1

1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 2,5% no mes de agosto. A nivel nacional o índice rexistra unha taxa do 1,7%.


O índice xeral sen estacións de servizo aumenta o 1,6% respecto a agosto de 2016. Desagregando por produtos:

- A Alimentación diminúe as súas vendas un 1,2% e resta 0,3 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizos. En España, as vendas na Alimentación aumentan o 3,0%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 4,4% e achega 2,0 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional crecen o 2,0%.

No que vai de ano, as vendas incrementáronse un 2,5% en Galicia e un 1,1% en España. Desagregando por produtos, as vendas en Alimentación aumentaron máis en España (2,2%) que en Galicia (0,2%) mentres que no Resto creceron máis as vendas en Galicia (3,9%) que a nivel nacional (1,0%).

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,9%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan as súas vendas en agosto agás Extremadura. Os maiores incrementos danse en Aragón (3,5%), La Rioja (3,3%), Canarias (3,3%) e Madrid (3,2%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Agosto 2017

Taxas de variación en %



No que vai de ano, Canarias (3,2%) e Illes Balears (3,1%) rexistran os maiores incrementos mentres que en tres comunidades diminúen as vendas: Extremadura (-0,4%), Cataluña (-0,2%) e País Vasco (-0,1%).

3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de agosto de 2017, un incremento do 4,7% en Galicia, un punto máis que España (3,7%).

No índice xeral sen estacións de servizo a diferenza no crecemento entre os dous ámbitos xeográficos é menor, 3,5% en Galicia e 3,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación diminúe as vendas o 0,6%, 3,9 puntos menos que en España (3,3%). O Resto de produtos rexistra un incremento das súas vendas en Galicia do 6,0%, superando o de España (3,3%).

No que vai de ano, o índice xeral aumenta un 5,4% en Galicia e o 3,7% en España. As vendas en Galicia incrementáronse na Alimentación un 1,6% e no Resto un 6,2%. No conxunto de España as vendas en Alimentación creceron un 3,2% e no Resto un 2,9%.

Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2017				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes		Índice	Variacións (%)	
			Interanual	No que vai de ano
	Xeral	104,4	4,7	5,4
	Xeral sen estacións de servizo	101,2	3,5	4,4
	Alimentación	110,8	-0,6	1,6
	Resto	94,6	6,0	6,2

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	4,7	5,4
Xeral sen estacións de servizo	3,5	4,4
Alimentación	-0,2	0,6
Resto	3,7	3,8

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 5,4%.

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 1,9% no mes de agosto en Galicia, máis que no conxunto de España (1,7%).

No que vai de ano, a ocupación crece en Galicia un 1,7% e en España un 1,9%.

5. Índices de ocupación por comunidades autónomas


A ocupación no comercio minorista aumenta en agosto en todas as comunidades autónomas.

Os maiores incrementos danse en Illes Balears e Canarias (ambas as dúas 4,3%). En senso contrario, Cantabria (0,4%) e Andalucía (0,7%) rexistran os menores crecementos.

No que vai de ano, os maiores crecementos danse en Canarias (5,2%) e Illes Balears (5,1%) e o menor en Castilla - La Mancha (0,6%).

Índice xeral de ocupación. Agosto 2017

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2010 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento

- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alquileres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.

- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alquileres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

$${}_{10}I_{defl}^{m,t} = ({}_{10}I^{m,t} / {}_{10}IP^{m,t}) * 100$$

Onde

${}_{10}I_{defl}^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos constantes do mes m do ano t

${}_{10}I^{m,t}$ é o índice de comercio polo miúdo a prezos correntes do mes m do ano t e

${}_{10}IP^{m,t}$ é o índice de prezos do mes m do ano t en base 2010

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2010, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2010

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	104,4	4,7	5,4	98,7	2,5	2,5
Xeral sen estacións de servizo	101,2	3,5	4,4	95,4	1,6	2,2
Alimentación	110,8	-0,6	1,6	97,5	-1,2	0,2
Resto	94,6	6,0	6,2	93,8	4,4	3,9
España						
Xeral	97,4	3,7	3,7	92,1	1,7	1,1
Xeral sen estacións de servizo	96,8	3,2	3,0	91,3	1,7	1,2
Alimentación	112,1	3,3	3,2	99,1	3,0	2,2
Resto	86,7	3,3	2,9	85,6	2,0	1,0

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	101,3	5,4	5,7	94,0	2,9	2,9
Xeral sen estacións de servizo	98,7	4,1	4,8	91,0	2,1	2,7
Alimentación	101,2	-0,3	2,0	89,0	-1,2	0,7
Resto	96,4	6,9	6,6	93,0	5,6	4,2
España						
Xeral	99,5	3,5	4,0	92,9	1,6	1,5
Xeral sen estacións de servizo	100,0	3,1	3,3	92,6	1,7	1,5
Alimentación	108,8	3,3	3,5	96,3	3,0	2,5
Resto	94,1	3,4	3,2	90,2	2,0	1,3

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	97,4	3,7	3,7	92,1	1,7	1,1
Andalucía	96,3	3,9	3,6	91,1	1,9	1,1
Aragón	92,8	5,1	3,7	88,2	3,5	1,2
Asturias	95,1	3,0	3,2	90,5	1,4	0,8
Balears, Illes	147,8	4,5	5,8	138,7	2,4	3,1
Canarias	111,2	5,3	5,5	108,6	3,3	3,2
Cantabria	115,5	2,3	3,0	107,9	0,4	0,4
Castilla y León	102,2	2,1	3,6	96,4	0,1	0,7
Castilla-La Mancha	94,7	3,7	4,4	89,8	1,2	1,3
Cataluña	97,3	2,9	2,7	90,1	0,6	-0,2
Comunitat Valenciana	107,4	2,6	3,4	102,1	0,9	1,0
Extremadura	99,9	0,7	1,8	95,4	-1,0	-0,4
GALICIA	104,4	4,7	5,4	98,7	2,5	2,5
Madrid	80,5	5,1	4,0	76,9	3,2	1,5
Murcia, Región de	91,5	3,2	3,3	86,7	2,0	1,0
Navarra	104,4	2,6	4,5	100,5	1,5	2,4
País Vasco	83,9	2,4	2,4	79,4	0,5	-0,1
Rioja, La	102,5	5,5	5,8	96,6	3,3	2,9
Ceuta	95,8	1,7	1,4	93,0	0,0	-0,9
Melilla	98,0	0,5	0,9	96,6	-1,5	-1,7

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,7	1,9	1,7
Xeral sen estacións de servizo	101,4	1,7	1,6
España			
Xeral	101,7	1,7	1,9
Xeral sen estacións de servizo	101,7	1,6	1,8

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Agosto 2017

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,7	1,7	1,9
Andalucía	96,2	0,7	1,1
Aragón	99,7	1,3	1,7
Asturias	98,1	2,8	2,8
Balears, Illes	119,4	4,3	5,1
Canarias	108,9	4,3	5,2
Cantabria	104,5	0,4	1,0
Castilla y León	101,4	1,1	1,3
Castilla-La Mancha	100,4	1,2	0,6
Cataluña	105,2	1,5	1,4
Comunitat Valenciana	106,9	2,1	2,2
Extremadura	102,5	1,9	1,9
GALICIA	101,7	1,9	1,7
Madrid	97,1	1,3	1,7
Murcia	98,9	2,9	2,4
Navarra	98,9	1,5	1,6
País Vasco	100,8	1,3	1,5
Rioja, La	103,9	3,1	2,0
Ceuta	103,4	1,1	0,8
Melilla	104,2	1,5	1,4

Fonte: INE